

Tendo en conta o informe proposta de data 31 de xaneiro de 2022 e que literalmente di:

A Concellería de Xuventude ten entre outros obxectivos, fomentar a participación dos mozos e mozas da localidade en todos os ámbitos sociais impulsando o asociacionismo xuvenil como elemento concreto de participación, facilitando para o mesmo as canles, medios e recursos adecuados.

O Exmo. Concello de Ferrol acordou en Pleno, na súa sesión do día 28.09.17, a proposta de aprobación inicial do Regulamento de uso e funcionamento da Casa da Xuventude. O texto íntegro de dito Regulamento publicouse no Boletín Oficial da Provincia do día 22.12.17.

O artigo 8.2. regula o procedemento para a cesión anual de espazos.

Dito artigo establece que o Concello de Ferrol establecerá cada ano un prazo de trinta días naturais para presentar solicitudes á Concellería de Xuventude. Cada solicitude presentada debe acompañarse da seguinte documentación:

- Proxecto de actuacións e actividades.
- Fotocopia dos Estatutos da entidade.
- CIF da entidade.
- Identificación da persoa que representa á entidade.
- Número de rexistro de entidades do Concello de Ferrol.
- Seguro de responsabilidade civil.

Unha vez evaluado cada proxecto presentado segundo o punto 4 do artigo 8.2 do Regulamento, procederá ao reparto de espazos para a participación social na xestión da Casa, que será como máximo por un ano, con posibilidade de prórroga, previa solicitude en tal sentido

As entidades que non consigan espazo pasarán a unha lista de agarda.

A vista do anterior, propónse á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística a adopción dos seguintes acordos:

- Aprobar a convocatoria dirixida a entidades xuvenís para solicitar a cesión dun espazo de xestión social na Casa da Xuventude.
- Aprobar a apertura do prazo para dita convocatoria dende o 7 de febreiro ao 8 de marzo de 2022 (30 días naturais).
- Aprobar a publicación desta convocatoria no Taboleiro de anuncios e na páxina web (www.ferrol.gal/sede electrónica/Taboleiro de anuncios) do Concello de Ferrol.”

Decreto: Vista a anterior proposta apróboala nos seus propios termos.

O manda e asina a Concelleira delegada da área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, en virtude da Resolución da Alcaldía do día 08/07/2019 (BOP número 137 de 22/07/2019) no Concello de Ferrol o día da data da sinatura electrónica.

A Concelleira

Dou fe,
O Secretario Xeral

